


BOLETÍN INFORMATIVO

- segundo trimestre 2021 -

Opmega



O boletín informativo OPMEGA,
é unha acción enmarcada no seu PPeC,
cofinanciada polo FEMP e polo MAPA.

Imaxe: Alba Castaño Alcalde




SUMARIO

- 04 BATÉATE**
finaliza a súa singradura
- 09 Xornada Técnica**
Valorización de subproductos
- 10 Contratación de drons**
para vixilancia das bateas
- 11 Informe períodos**
da prohibición da extracción do mexillón
- 12 Proxecto Real Decreto**
Frota pesqueira e extracción da mexilla
- 15 Consellería do mar**
desestima os recursos das confrarías

Edición

OPMEGA
Organización de Produtores
de Mexillón de Galicia
Avenida de la Marina, 25 - Edificio Mexillón de Galicia
36600 Vilagarcía de Arousa
T: +0034 986 501 338 /F: +0034 986 506 549
www.opmega.com

Textos e gráficos realizados por
Inxenia Desenvollos Tecnolóxicos S.L.
www.inxeniatd.com



EDITORIAL

OPMEGA é a primeira e única Organización de Produtores de mexillón da Unión Europea. Desde a súa fundación en 1986, aglutina a produtores de todas as rías galegas, onde se unen esforzos e se traballa na mellora e defensa dos intereses dos produtores e do seu mexillón de Galicia.

Con este boletín informativo, como medida enmarcada dentro do seu Plan de Produción e Comercialización 2021, desde OPMEGA queremos achegar información de interese aos nosos asociados, de forma sinxela e concreta, co obxectivo de ser máis efectivos á hora de informarnos sobre a participación activa de OPMEGA na elaboración de futuras normas de aplicación no sector, as distintas iniciativas e proxectos levados a cabo desde a Organización, e fomentar as prácticas sostibles.

Desta forma, este boletín tratará temas tales como a nova normativa sobre ordenación da frota pesqueira; a xornada anual de OPMEGA; a vixilancia dos polígonos de bateas; o control de biotoxinas e o peche da campaña de posta en valor do oficio "Batéate".

Trimestre a trimestre seguiremos informando sobre os avances no desenvolvemento do Plan de Produción e Comercialización e a análise legislativa que vos permita realizar a vosa actividade de forma sostible, así como de todas as actividades realizadas desde a propia Organización de Produtores.

- Xunta directiva de OPMEGA -

Batéate finaliza a súa singradura polos centros educativos de O Barbanza cunha Gala Final na sede de OPMEGA

Unha das preocupacións do sector é a falta de novas xeracións de especialistas do mar, e é que, de todos os estudantes con titulacións náuticas, poucos se dedican finalmente á pesca e acuicultura, preferindo desenvolver a súa actividade profesional en administracións ou grandes empresas. Neste contexto, co obxectivo de promocionar e divulgar as actividades desenvolvidas pola organización e de coñecer a visión que desde fóra teñen os mozos do mundo do mar, en 2020, naceu a campaña “#Batéate”, á que este ano se lle deu continuidade na comarca do Barbanza.

Mediante charlas informativas, material audiovisual e concursos de fotografía e vídeo sobre a actividade do sector, OPMEGA achegou a alumnos e alumnas de 4º de ESO e FP Básica a contorna laboral do cultivo e extracción do mexillón galego, buscando conseguir a substitución xeracional que asegure o futuro do sector.

Para finalizar a edición #Batéate 2021, OPMEGA celebrou na súa sede a Gala Final da campaña coa que se rendeu homenaxe aos 9 centros participantes na iniciativa (CIFP Coroso, CPR Divino Mestre, CPR Plurilingüe A Milagrosa, IES Espiñeira, IES Félix Muriel, IES Leliadoura, IES Nº1, IES Praia Barraña e IES Pobra do Caramiñal) e ao sector.

Na inauguración, Ricardo Herbón presidente de OPMEGA deixou claro o éxito da campaña, que na súa segunda edición conseguiu, grazas ás novas tecnoloxías, adaptarse á situación particular de cada un dos centros, e contar cunha gran calidade nas obras presentadas polos distintos participantes.

O presidente de OPMEGA estivo acompañado nesta inauguración pola Conselleira do Mar, Rosa Quintana, quen felicitou a OPMEGA pola súa campaña, que pon en valor ao sector de forma innovadora dando resposta ao problema de substitución xeracional ao que actualmente se enfrontan.

Carlos Blanco, actor e humorista galego de recoñecido prestixio a nivel nacional, e o youtuber WithZack, quen colaborou na difusión da campaña, foron os encargados de dirixir a Gala, na cal se desvelaron os nomes das obras gañadoras de concurso de fotografía e reportaxe audiovisual do concurso #Batéate 2021.

A gala contou coa presenza dos finalistas de ambas categorías, os cales foron apoiados polos seus compañeiros e compañeiras de maneira en liña mediante as conexións que se realizaron cos centros participantes.

O momento máis emocionante foi a visualización das obras finalistas de cada instituto, paso previo a saber os gañadores ou gañadoras que serían obsequiadas con diferentes premios.

#BATÉATE

encuentra tu espacio en el mundo



Finalistas do concurso de fotografía

INSTITUTO	NOME
CPR Plurilingüe La Milagrosa	Candela Fernández Leyenda
IES Espiñeira	Lois Fajardo Tubío
IES Félix Muriel	Alba Castaño Alcalde
IES Leliadoura	Sara Martínez Bretal
IES Pobra do Caramiñal	Enrique Creo Álvarez
IES Praia Barraña	Pablo Lojo Cerqueiras



Finalistas do concurso de reportaxe audiovisual

INSTITUTO	NOME
IES Espiñeira	Marta Miranda Rial
IES Félix Muriel	Pedro R Calvo Costas
IES Leliadoura	Majda e Manal Chahir
IES Praia Barraña	Irene Viturro Calo y Lara Somoza Miguéns

<http://bateate.opmega.com/>



Rosa Quintana e Ricardo Herbón



Carlos Blanco

O xurado, decidiu que as gañadoras ou gañadores fosen:
Gañadora á mellor fotografía, Candela Fernández, do CPR Plurilingüe A Milagrosa.
Gañador á mellor reportaxe audiovisual, Pedro R. Calvo, do IES Félix Muriel.



ESCANEE O CÓDIGO QR PARA
VER AS FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS
GAÑADORES NA WEB



Gala Final BATÉATE



Rosa Quintana e Ricardo Herbón co gañador Pedro R. Calvo



Rosa Quintana e Ricardo Herbón coa gañadora Candela Fernández



CPR PLURILINGÜE LA MILAGROSA
Imaxe: Candela Fernández Leyenda

FOTOGRAFÍA GAÑADORA BATÉATE 2021




IES PRAIA BARRAÑA
Imaxe: Pablo Lojo Cerqueiras

FOTOGRAFÍA DE MELLOR CALIDADE TÉCNICA



IES POBRA DO CARAMIÑAL
Imaxe: Enrique Creo Álvarez

FOTOGRAFÍA FINALISTA



IES FÉLIX MURIEL
Imaxe: Alba Castaño Alcalde

FOTOGRAFÍA FINALISTA



IES LELIADOURA
Imaxe: Sara Martínez Bretal

FOTOGRAFÍA FINALISTA



IES ESPÍNEIRA
Imaxe: Lois Fajardo Tubío

FOTOGRAFÍA FINALISTA

OPMEGA acollerá o próximo 24 de setembro unha Xornada Técnica sobre Valorización de Subproductos

Galicia é unha das rexións onde se producen máis mexillóns, sendo a segunda a nivel mundial despois de China. Esta industria xera un amplo volume de refugallos, xa que a cuncha representa un 31-33 % do peso do produto. Na actualidade, a cuncha de mexillón refúgase, o que representa un problema polo que existe un gran interese en reutilizar este tipo de residuo.

É por isto que, ao longo dos últimos anos, OPMEGA ven traballando no estudo das diferentes vías de valorización de subprodutos derivados do mexillón, polo que a fin de dar a coñecer as distintas iniciativas e/ou proxectos vinculados, o vindeiro xoves 24 de setembro, terá lugar na sede da Organización de Produtores de Mexillón de Galicia – OPMEGA – unha Xornada Técnica sobre Valorización de subprodutos.

No que respecta ao traballo de OPMEGA sobre a revalorización de subprodutos, cabe destacar que durante

este ano quérese levar a cabo un estudo previo para o tratamento de residuos ou subprodutos do proceso produtivo a través da integración de novos procesos de transformación na planta da Organización. Dito estudo permitiría dimensionar a planta de tratamento da cuncha do mexillón así como o análise dos costes de implantación e operación da transformación súa en subprodutos con potencial fertilizante.

A xornada, que terá lugar en horario de mañá, presenta a súa cuarta edición neste ano 2021, conseguindo reunir a relator@s con gran bagaxe nas diferentes temáticas seleccionadas.

Durante os próximos meses, o persoal de OPMEGA seguirá traballando na organización da xornada, o peche de programa, a creación da imaxe e o envío de invitacións, para que esta cita continúe sendo un referente anual no sector mexilloeiro galego.



SAVE THE DATE

Valorización de Subproductos

JORNADA OPMEGA
24 de septiembre de 2021

Realízase a contratación de drones para a vixilancia das bateas

O pasado mes de abril, OPMEGA, daba a coñecer á prensa o hartazgo dos socios da organización #ante os continuos roubos dos que están a ser obxecto as bateas da ría de Arousa.

Neste contexto, sumaronse forzas con outras asociacións, para poñer en marcha un servizo de vixilancia. Dita vixilancia efectúase con drones, lanchas e vehículos, especialmente en horario nocturno, e mesmo, van utilizar sensores de calor para tratar de identificar a todos aqueles que se achegan ás bateas,

En concreto, este sistema vixía uns 400 parques de cultivo, pero estamos dispostos a abrir as portas a outras asociacións que queiran colaborar na implantación deste sistema. De feito, non se descarta, que nas próximas semanas, o número de bateas a vixiar se incrementen de forma notable, xa que outras agrupacións tamén están a analizar a posibilidade de sumarse a esta vixilancia.

Paralelamente estase a traballar nun proxecto ante a problemática que existe nas rías ante un depredador de mar que afecta de xeito moi importante ó mexillón, con este sistema pode verse en tempo real en que partes da Ría está instalado, este ensaio abarca o Distrito de Portonovo.





Publícase un informe sobre os períodos de prohibición da extracción do mexillón nos polígonos de bateas de Galicia como consecuencia das biotoxinas

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) da Xunta de Galicia fai público un informe sobre biotoxinas que recolle os períodos de presenza das mesmas nas rías galegas entre os anos 1998 e 2020.

Para asegurar a posta no mercado de mexillón con todas as garantías hixiénico – sanitarias, realízase cada ano 10.000 análíticas anuais de biotoxinas e o consumo de ao redor de 250.000 toneladas de mexillón. A pesar disto, as toxinas mariñas obrigaron a pechar unha media do 25% do ano a extracción de mexillón durante os últimos 23 anos, sendo as biotoxinas lipofílicas as que causaron a maior parte dos peches. A media de afectación por dita biotoxina lipofílica é dun 25% anual.

Ademais o informe mostra que en todas as rías os polígonos de bateas situados máis ao exterior son os que tiveron un maior número de días de peche. Os anos en que se rexistraron períodos de prohibición da extracción máis prolongados como consecuencia desta biotoxina foron 2005 e 2013, mentres que os de menor afectación foron 2008 e 2017. Por zonas, a ría de Pontevedra é a que rexistra máis períodos de prohibición da extracción e a ría de Arousa foi a menos afectada.

No caso da biotoxina PSP (paralizante) a media de afectación no período 1998-2020 abarca o 1,5% do ano. A ría de Arousa foi a menos afectada e a de Pontevedra a que rexistrou máis días de peche de polígonos de mexillón. En canto á biotoxina ASP (amnésica), o informe expón que a súa afectación media supón o 1% do ano. En relación coas zonas, a menos afectada por este tipo de biotoxina tamén foi a ría de Arousa e as que apuntaron máis días de prohibición de extracción foron as rías de Muros e Noia e Ares-Betanzos.

OPMEGA participa na consulta pública do proxecto de Real Decreto de Ordenación da Frota Pesqueira e a nova orde de extracción de mexilla

O pasado 24 de marzo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Acuicultura procedeu á audiencia e información públicas do proxecto de Real Decreto de Ordenación da Frota Pesqueira, a efectos de solicitar a opinión de cidadáns, organizacións ou asociacións afectadas. Devandito proxecto de Real Decreto pasará a derrogar o Real Decreto 1549/2009 e o Real Decreto 1035/2017.

OPMEGA, como organización implicada, participou nas reunións de coordinación convocadas polo ministerio, nestas reunións faise a presentación do proxecto de RD de ordenación da frota pesqueira, e o que o motiva e o seu alcance, descríbense as principais novidades e fíxase o cronograma. O obxectivo da Dirección Xeral é recoller nunha soa disposición as normas reguladas no Real Decreto 1549/2009 e o Real Decreto 1035/2017, adaptándoas para mellorar a súa regulación aproveitando a experiencia adquirida na súa aplicación. Estase a espera da remisión do escrito en consulta pública do RD para que se fagan as pertinentes alegacións e observacións, con argumentos razoados e razoables, para que o RD consensuado e racional.

Ademais, a Consellería do Mar contactou con OPMEGA para contar coa opinión do sector ante o novo borrador da nova orde de extracción da mexilla.

Hai mais dun ano comezouse a traballar nun proxecto, para actualizar a orde de extracción de cría de mexillón vixente dende ano 2000 e incluír na nova orde as peticións do sector, en maio de 2021, trasladándonos desde a Consellería un borrador da nova orde de extracción o cal incluía a maior parte das peticións trasladadas á Consellería do Mar, de novo iniciamos varias reunións de traballo para facer as alegacións e os comentarios oportunos e propónse unha nova redacción da orde nos puntos como na Introducción, modalidades de extracción, zonas de extracción, período de extracción e cantidades máximas a extraer, condicións para o exercicio da actividade, destino da cría, resolución ou Identificación dos recolectores, etc. O obxectivo é que se modifique e que se reflectan puntos clave, como quen pode recoller a cría, e como se identificaría, que sexa un recurso exclusivo para as bateas de Galicia e que non se poida comercializar, etc.

O novo borrador da orde que inclúe a redacción coas propostas do sector, trasladouse á Xunta e estamos á espera dos seus comentarios.







A Consellería do Mar desestima os recursos das Confrarías en contra da ampliación do prazo de recollida de semente de mexillón

A Consellería do Mar desestimou os recursos que presentaron as confrarías en contra da ampliación do prazo de recollida de semente de mexillón para o mes de maio.

Dende OPMEGA presentouse escrito no que se formulan alegacións contrarias aos recursos interpostos, sinalando argumentos como que os establecementos dedicados ao cultivo de mexillón necesitan para o desenvolvemento da súa actividade abastecerse de cantidades significativas de semente, xa que é a materia prima para o cultivo de mexillón como se indica no Regulamento de viveiros de cultivos mariños e á Orde da Consellería do Mar do 26 de outubro de 2000. Dende a aprobación desta orde, os bateiros tiveron cuberta de forma regular e estable o aprovisionamento necesario de semente de roca para o cultivo do mexillón e non se lle puxeron obstáculos para a extracción e que a resolución recorrida ten a súa cobertura normativa na Disposición Adicional da Orde do 26 de outubro, 2000.

Así mesmo, como ocorreu en 2020 a pandemia obstaculizou a extracción normal de outros anos e por tanto a necesaria recollida de mexillóns, o que xustifica a ampliación do período de extracción ademais, recálcase que as confrarías non poden ter o poder de determinar onde si e onde non pode estender o período de extracción, dita facultade correspóndelle unicamente a Administración. No escrito tamén manifestamos a nosa desconformidade en relación á invocación por parte de entidades recorrentes do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Finalmente a Consellería do Mar atendeu as alegacións feitas en contra dos recursos de Alzada presentados polas confrarías, desestimando ditos recursos.

